

CURSO: 1º ESO

Adaptación da programación didáctica

Curso 2019/2020

CENTRO: IES MUGARDOS

MATERIA: Xeografía e Historia.

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia.

DATA: 4-V-2020

Miguel Gil Sánchez.

ÍNDICE

- 1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2.Avaliación e cualificación.**
- 3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4.Información e publicidade.**

- 1.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 44	CENTRO:IES DE MUGARDOS CURSO:2019-2020 MATERIA:XEOGRAFÍA E HISTORIA
--	-------------------	---

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1	XHB1.1.2.
B1.3	XHB1.3.1
B1.4	XHB1.4.1 XHB1.4.2
B1.9	XHB1.9.1.
B3.1	XHB3.1.1
B3.2	XHB3.2.1 XHB3.2.2 XHB3.2.3
B3.3	XHB3.3.1
B3.4	XHB3.4.1
B3.5	XHB3.5.1
B3.6	XHB3.6.1
B3.7	XHB3.7.1
B3.8	XHB3.8.1
B3.9.	XHB3.9.1. XHB3.9.2
B3.10	XHB3.10.1
B3.11	XHB3.11.1
B3.12	XHB3.11.1

2.Avaliación e cualificación

Avaliación:

Procedementos: Para explicar os procedementos de avaliación teremos que definir os instrumentos de avaliación.

Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para o primeiro e o segundo trimestre serán os explicitados na programación, xa que ambos trimestres desenvolvéronse de xeito regular.

Para o terceiro trimestre, unha vez que o equipo docente ten a certeza de que o alumno pode realizar tarefas de xeito telemático, os instrumentos que imos empregar para subir ou recuperar a nota no terceiro trimestre serán os correos e traballos enviados de xeito virtual.

Cualificación final: A cualificación final do curso en xuño realizarase coa media entre a primeira e a segunda avaliación. O traballo feito nos meses de reclusión e confinamento servirá para aprobar as avaliacións suspensas (repasso e reforzo) e para subir a nota final (exercicios de ampliación), tendo sempre un máximo de tres puntos para subir a media da nota da primeira e segunda avaliación.

Proba extraordinaria de setembro: De ter que recuperar a asignatura, a proba extraordinaria de setembro será sobre os contidos impartidos de xeito presencial ata o segundo trimestre. (O bloque de Xeografía e a Historia ata Mesopotamia, sen incluír a Exipto). A proba terá un nivel algo inferior ao normal para facilitar a recuperación. Darase material de xeito telemático para a recuperación, de non ser posible se tentará enviar dito material de xeito presencial.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades e materiais.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 44	CENTRO:IES DE MUGARDOS CURSO:2019-2020 MATERIA:XEOGRAFÍA E HISTORIA
--	-------------------	---

Co alumnado que dispón de conectividade, que é a meirande parte o que fixen foi crear un chat de grupo onde decidimos o que facer. Ante a pregunta de que querían seguir a facer en Historia, a maioría dixeron que querían avanzar e non repasar. Ante esta dicotomía, a clase leva dous ritmos. Os que aprobaron a primeira e segunda avaliación están traballando contidos da terceira avaliación a través de diversas actividades telemáticas. (Creación de documentais que monta o profesor, eles mandan o audio, sobre temas determinados, lecturas de cómics históricos, alguna pequena actividade, kahoots semanais, visión de documentais, lecturas...) . Os que teñen algunha avaliación suspensa, teñen un traballo personalizado no que estou tentando axudar para que poidan recuperar a asignatura e pasar a facer actividades de ampliación. Como hai moitos casos e algún alumno que presenta pouca disposición a traballar, isto está sendo o máis complicado.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):

Aínda estamos tentando que todos os alumnos traballen por vía telemática porque temos indicios de que todos poden traballar seguindo este método. Na asignatura, o traballo se manda vía a plataforma edixgal ou por correo electrónico. Tento manter o contacto cos grupos facendo unha videoconferencia diaria.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

A Través da aplicación Abalar e con chamadas telefónicas ás familias. Para o alumnado vía correo electrónico e a plataforma edixgal.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 44	CENTRO:IES DE MUGARDOS CURSO:2019-2020 MATERIA:XEOGRAFÍA E HISTORIA
--	-------------------	---